

O TON E OS SEUS VALORES

O ton posúe calidades moi definidas. Todo o mundo sabe o que é *suave* ou *duro* ou *áspero*. Tamén o que é *grande* ou *pequeno*, *rico* ou *pobre*. Os valores tanxibles do ton evocan para o oínte tódalas calidades dos obxectos sentidos pola persoa que fala. A experiencia que ten o que fala dunha *pedra*, dunha *muller* ou do *vento*, pode transmitirse con claridade, sen necesidade de adxectivación.

A palabra *grande* cando se pronuncia sen sentimento, resulta totalmente neutra e a súa forza descritiva faise clara cando quen a pronuncia é consciente da súa extensión. Cando entendemos que algo é *amplo* ou *elevado* ou *afastado*, caracterizamos coa voz a palabra por medio dunha palabra que indica directamente o alcance perceptivo e emocional da observación. Non só a forma, incluso o sentido dese alcance poden ser indicados. O ton cando está vencellado ó falante, adoita reflectir a percepción que el ten da súa propia postura.

O valor dramático descritivo do ton demóstrase neste poema de **Paúl Éldridge**.

**“De noite...
unha velliña está sentada na ventá...
soña.
De súpeto,
en voz baixa,
dín o seu nome...
“María ...María...María...”
estremécese...
érguese...
inclínase...
ábrese unha ventá veciña
e unha voz suave...murmura
“Si, meu amor...ven aquí...estou soa...”
Unha velliña fica diante da ventá
E soña...”**

Se lemos o texto cun ton parello e compasado non terá sentido, mais se o lemos cos cambios de ton que nos suxiren os distintos obxectos, posturas, accións a historia cambia.

A *noite* non é aberta coma o *día*: é pechada, e dese xeito debe interpretarse. A *veliña* é unha muller fráxil e cansa, e o ton terá que suxerilo. O *soñar* é tranquilo, pausado.

Entón xurde un cambio súbito e o son que chega ós oídos é un murmurio algo que se di en voz moi baixa. É o nome da velliña, que se *inclina* un pouco cara á ventá par oír o seu nome desde fóra. A velliña *trema*, *érguese*, *inclínase* e todas esas accións deben ser descritivas dramaticamente pola voz do narrador. As palabras que escoita a velliña diríxense a alguén que está abaixo. Hai unha breve pausa. Unha vez máis a velliña *encóllese*, coa axuda do ton, e se pecha en si mesma e nos seus soños ou recordos.